

DECRETO: Ourense, 16 de noviembre de 2015

Unha vez vista a solicitude do Concello de Castro Caldelas para a declaración de treito urbano dos núcleos de poboación que de seguido se detallan

Castro Caldelas : Treito urbano 1 (OU-0601)

P.Q. inicial	P.Q. final	Marxe	Calificación do solo	Aliñacións
			Solo Urbano	6 e 7 metros do eixe segundo se reflicte no plano

Piñeiroá : Treito urbano 2 (OU-0601)

P.Q. inicial	P.Q. final	Marxe	Calificación do solo	Aliñacións
			Núcleo rural	Variables

San Martiño: Treito urbano 3 (OU-0601)

P.Q. inicial	P.Q. final	Marxe	Calificación do solo	Aliñacións
			Núcleo rural	Variables

Santiurxo : Treito urbano 4 (OU-0607)

P.Q. inicial	P.Q. final	Marxe	Calificación do solo	Aliñacións
			Núcleo rural	Variables

O Rouxil: Treito urbano 5 (OU-0607)

P.Q. inicial	P.Q. final	Marxe	Calificación do solo	Aliñacións
			Núcleo rural	Variables

E tendo en conta o informe do xefe do Servizo de Vías e Obras, que de seguido se reflicte,

“No plan xeral de ordenación municipal de Castro Caldelas, aprobado definitivamente o 19/05/1999, non están reflectidas as aliñacións nos planos deste instrumento de planeamento, en solo de núcleo rural, pero si na normativa na que se indica que se axustarán á lexislación e ordenanzas vixentes (agora está vixente a lei de estradas autonómica 8/2013).

As aliñacións debuxadas nos planos dos núcleos de solo rural, que chegou o concello na súa solicitude, non se corresponden coas previstas na normativa agora vixente (lei 8/2013). Semella se trata de consolidar as aliñacións existentes mediante a declaración de treito urbano. Se o obxectivo que se pretende é esa consolidación das liñas existentes, deberá redactarse o instrumento de planeamento correspondente e tramitalo con petición de informe sectorial as administracións afectadas.

Polo tanto **propoño incluír no inventario de treitos urbanos o treito da estrada OU-0601 entre o pq. 0+000 ata o pq. 0+905 do núcleo de Castro Caldelas** (referencias, non aportadas na documentación achegada polo solicitante pero, tomadas na estrada polo vixiante de explotación mediante un odómetro dixital instalado no seu vehículo) e tal como se reflicte nos planos elaborados dende o Concello e como se resume no seguinte cadro”:

Castro Caldelas : Treito urbano 1 (OU-0601)

P.Q. inicial	P.Q. final	Marxe	Cualificación do solo	Aliñacións
0+000	0+905	Ambas	Solo Urbano	Os cerramentos se situarán a 6 e a 7 metros do eixe segundo se reflicte no plano achegado e no planeamento vixente

É importante subliñar que a mellor referencia para a localización do inicio e fin do treito urbano son os planos achegados que definen a superficie cualificada como urbana. A referencia por quilometraxe é orientativa e moi útil no traballo diario.

En relación cos treitos urbanos solicitados nos núcleos de Piñeiroá, San Martiño, Santiurxo e O Rouxil non é posible tal declaración por non cumprir cos requirimentos do artigo 7 da lei 8/2013 pois non están definidas as aliñacións, nin nos planos nin na normativa, en solo de núcleo rural no plan urbanístico vixente. Serán pois de aplicación os condicionantes da lei 8/2013 con liña de edificación a 15 m. do bordo de calzada e peche diáfano a 6 m. do eixe da estrada”.

ACORDEI:

Autorizar a inclusión no inventario provincial de treitos urbanos dos seguintes treitos da estrada

Castro Caldelas : Treito urbano 1 (OU-0601)

P.Q. inicial	P.Q. final	Marxe	Cualificación do solo	Aliñacións
0+000	0+905	Ambas	Solo Urbano	Os cerramentos se situarán a 6 e a 7 metros do eixe segundo se reflicte no plano achegado e no planeamento vixente

Denegar a declaración de treito urbano por non cumprir os requirimentos do artigo 7 da Lei 8/2013.

Piñeiroá : Treito urbano 2 (OU-0601)

<i>P.Q. inicial</i>	<i>P.Q. final</i>	<i>Marxe</i>	<i>Calificación do solo</i>	<i>Aliñacións</i>
			Núcleo rural	Variables

San Martiño: Treito urbano 3 (OU-0601)

<i>P.Q. inicial</i>	<i>P.Q. final</i>	<i>Marxe</i>	<i>Calificación do solo</i>	<i>Aliñacións</i>
			Núcleo rural	Variables

Santiurxo : Treito urbano 4 (OU-0607)

<i>P.Q. inicial</i>	<i>P.Q. final</i>	<i>Marxe</i>	<i>Calificación do solo</i>	<i>Aliñacións</i>
			Núcleo rural	Variables

O Rouxil: Treito urbano 5 (OU-0607)

<i>P.Q. inicial</i>	<i>P.Q. final</i>	<i>Marxe</i>	<i>Calificación do solo</i>	<i>Aliñacións</i>
			Núcleo rural	Variables

Así o dispón e asíno o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, no lugar e data sinalados. Dou fe.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

José Manuel Baltar Blanco

Francisco Cacharro Gosende